

A nosa ref: 23
Asunto: Resolución de corrección de erros materiais.
Expediente:2018/G003/000273

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, SERVIZOS SOCIAIS E EDUCACIÓN

Visto o informe emitido polo xefe da área de urbanismo e réxime interior do seguinte teor:

“Advertidos erros materiais nas Bases da convocatoria de concurso para a selección dun técnico en promoción económica interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnico en promoción económica interinos aprobadas por Resolución do Concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación nº 278/2018, de data 1 de febreiro de 2018 consistentes en dar 0,05 puntos por cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas “de duración de ata 19 horas” no apartado “B) Formación” da Base Sexta: “Desenvolvemento do concurso”, cando tal puntuación sería a os cursos “de duración de ata 15 horas” e en describir na Base Oitava “Tribunal Cualificador” o cargo de presidente do tribunal como “responsable da Axencia de Desenvolvemento do Concello de Cambre local” cando debe de poñer “responsable da axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre”.

Considerando o establecido no artigo 19-2 da Lei 39/2015, do Procedementos Administrativo Común das Administracións Públicas respecto a que estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, se formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Advertidos erros nas Bases da convocatoria “de concurso para a selección dun técnico en promoción económica interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnicos en promoción económica interinos” aprobadas por Resolución da concellería delegada da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, nº 278/2018 de data 1 de febreiro de 2018, e expostas ao público no xornal “La Voz de Galicia” de data 4 de febreiro de 2018, no taboleiros de anuncios municipal e na páxina web do concello de Cambre www.cambre.org, procede facer as oportunas correccións nos sentido que se indica a continuación:

*-Na Base Sexta “Desenvolvemento do concurso”, apartado “Valoración de méritos”, epígrafe “B) Formación”:
Onde di: “De duración de ata 19 horas....0,05 puntos”.*

Debe dicir: “De duración de ata 15 horas....0,05 puntos”.

-Na Base Oitava: “Tribunal cualificador”:

Onde di:” -PRESIDENTE: dona Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento do Concello de Cambre Local.”

Debe dicir: “-PRESIDENTE: dona Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre.””

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1841, de data 18 de novembro de 2016, **RESOLVO:**

Advertidos erros nas Bases da convocatoria “de concurso para a selección dun técnico en promoción económica interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnicos en promoción económica interinos” aprobadas por Resolución da concellería delegada da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, nº 278/2018 de data 1 de febreiro de 2018, e expostas ao público no xornal “La Voz de Galicia” de data 4 de febreiro de 2018, no taboleiros de anuncios municipal e na páxina web do concello de Cambre www.cambre.org, procede facer as oportunas correccións nos sentido que se indica a continuación:

-Na Base Sexta “Desenvolvemento do concurso”, apartado “Valoración de méritos”, epígrafe “B) Formación”:
Onde di: “De duración de ata 19 horas....0,05 puntos”.

Debe dicir: “De duración de ata 15 horas....0,05 puntos”.

-Na Base Oitava: “Tribunal cualificador”:

Onde di:” -PRESIDENTE: dona Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento do Concello de Cambre Local.”

Debe dicir: “-PRESIDENTE: dona Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre.”

O concelleiro delegado
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez